

Actividades de difusión e captación

A ETSE e os seus títulos participan activamente nas actividades de difusión e captación que organiza a USC, especialmente aquelas desenvolvidas pola USC dentro do Programa “A Ponte”:

- “Encontros na USC” e “Encontros na zona USC”, en que se organizan visitas do alumnado de Bacharelato aos Centros da USC e nos que se presentan os cursos de Grao: Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Dobre Grao con Matemáticas, así coma Intelixencia Artificial dende 2022. Participa activamente a Dirección da ETSE, a coordinación dos títulos e alumnado de cada título.
- "Encontros Virtuais na Zona USC": Desenvolvidas por mor do confinamento durante a pandemia da COVID-19, pretendían divulgar todos os títulos de grao da USC entre alumnado de Bacharelato. Participan os coordinadores e tamén algún profesorado e/ou alumnado de cada título.
- “Encontros Virtuais: Másters”: Coa mesma intención que os anteriores, pero para títulos de Máster. Participaron todos os Másters da ETSE.
- “Xornadas de Orientación. Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”: Participaron os Graos en Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e o Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas.
- “Xornada de presentación da oferta de mestrado da USC a estudantes internacionais”: *Webinars* en vivo para ou alumnado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior que organiza a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da súa Oficina de Captación Internacional. Participan todos os coordinadores de Máster da ETSE.
- Xornadas de presentación dos Másters ao alumnado de grao, dentro da ETSE. Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, Máster en Computación de Altas prestacións, Máster en Análise de Datos Masivos-Big Data, Máster en Visión por Computador. As presentacións tamén se abren ao alumnado de outros centros (Facultades de Matemáticas, Física, etc).

A ETSE e os seus títulos contan con presenza nas redes sociais (twitter, LinkedIn) para divulgación de novas, información, bolsas e actividades.

CURSO 2022-23

- “Encontros na USC”: visita do alumnado de Bacharelato á ETSE e presentación dos cursos de Grao: Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Dobre Grao con Matemáticas, e Intelixencia Artificial. 31/01 a 2/02/2023
- "Encontros Virtuais na Zona USC": Reunión dos coordinadores (tamén algún profesorado e/ou alumnado de cada título) con alumnado de Bacharelato, en formato virtual. 19-21/06/2023.
- “Xornada de presentación da oferta de mestrado da USC a estudantes internacionais”: *Webinars* en vivo para ou alumnado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior que organiza a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da súa Oficina

- de Captación Internacional. Participan todos os coordinadores de Máster da ETSE. Xaneiro de 2023.
- Charla do Programa a Ponte: A necesidade de andar separando: procesos de separación na industria química”, a cargo do profesor Héctor Rodríguez Martínez, no I.E.S. A Sardiñeira (A Coruña). 14/04/2023.
 - Presentación do Grao en Enxeñaría Informática nas Xornadas de Orientación do Colexio La Salle (Santiago de Compostela): Coa participación do coordinador do GrEI, Juan Carlos Pichel Campos. 9/02/2023.
 - Máster en Enxeñaría Ambiental: Difusión das novas da titulación en LinkedIn (actos graduación, premios TFM, Bolsas 1º ano)
 - Xornadas de empregabilidade en Enxeñaría Ambiental. 27/10/2022.
 - 5 charlas temáticas en centros de ensino secundario (Programa A Ponte), co título "Aplicacións da Biotecnoloxía e Enxeñaría Ambiental en Galicia". Xaneiro-marzo 2023.
 - Presentación do Máster en Enxeñaría Ambiental en Universidades de Chile. Novembro 2022.

CURSO 2021-22

- “Encontros na USC”: visita do alumnado de Bacharelato á ETSE e presentación dos cursos de Grao: Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Dobre Grao con Matemáticas, e Intelixencia Artificial. 3-4/03/2022.
- "Encontros Virtuais na Zona USC": Reunión dos coordinadores (tamén algún profesorado e/ou alumnado de cada título) con alumnado de Bacharelato, en formato virtual. 8 e 11/04/2022.
- “Xornada de presentación da oferta de mestrado da USC a estudantes internacionais”: *Webinars* en vivo para o alumnado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior que organiza a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da súa Oficina de Captación Internacional. Participan todos os coordinadores de Máster da ETSE. Xaneiro e febreiro de 2022.
- Máster en Enxeñaría Ambiental: Difusión das novas da titulación en LinkedIn (actos graduación, premios TFM, Bolsas 1º ano)
- 5 charlas temáticas en centros de ensino secundario (Programa A Ponte), co título "Aplicacións da Biotecnoloxía e Enxeñaría Ambiental en Galicia". Xaneiro-marzo 2022.

CURSO 2020-21

- "Encontros Virtuais na Zona USC": Reunión dos coordinadores do GrEI e GrEQ (coa participación de alumnado) con alumnado de Bacharelato, en formato virtual. 23-25/03/2021.
- Presentación do Grao en Enxeñaría Informática nas Xornadas de Orientación do Colexio La Salle (Santiago de Compostela): Coa participación do coordinador do GrEI, Juan Carlos Pichel Campos. 12/03/2021.
- Campamento Tecnolóxico-MATICA. Promovendo a vocación tecnolóxica entre as rapazas. En colaboración co CEPEIG. 28-30/06/2021.

- Sesión de presentación do Máster en Big Data a través de Teams. Unha das novidades no próximo curso será o aumento do número de prazas na USC ata 20 pola alta demanda. 5/07/2021.
- Máster en Enxeñaría Ambiental: Difusión das novas da titulación en LinkedIn (actos graduación, premios TFM, Bolsas 1º ano)
- 5 charlas temáticas en centros de ensino secundario (Programa A Ponte), co título "Aplicacións da Biotecnoloxía e Enxeñaría Ambiental en Galicia". Xaneiro-marzo 2021.

CURSO 2019-20

- "Encontros na USC": visitas do alumnado de Bacharelato á ETSE e presentación dos cursos de Grao: Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Dobre Grao con Matemáticas. Participan a Dirección da ETSE, a coordinación dos títulos e alumnado de cada título. 4-6/02/2020.
- "Encontros Virtuais na Zona USC": Desenvolvidas por mor do confinamento durante a pandemia da COVID-19, pretendían divulgar todos os títulos de grao da USC entre alumnado de Bacharelato. Participan os coordinadores e tamén algún profesorado e/ou alumnado de cada título. 6-8/04/2020.
- "Encontros Virtuais: Másters": Coa mesma intención que os anteriores, pero para títulos de Máster. Participaron todos os Másters da ETSE. Datat: 7-8/07/2020;
- "Xornadas de Orientación. Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC": Participaron os Graos en Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e o Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas. Datat: 14-15/07/2020.